



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 06/11/2017 08:58:43

SAÍDA 94278 / RX 1553799



**Miguel Ángel Delgado González**  
Rúa Juan Castro Mosquera, núm. 28, 2º Dereita  
Cp. 15005 - A Coruña

**Asunto:** PR100A-20171014

O 14 de outubro de 2017 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso a información pública presentada por vostede, coa referencia PR100A-20171014. Remítolle a resolución desta Secretaría.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017



Vicesecretario xeral

Carlos Gómez Martínez



## ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA SOLICITANTE: Miguel Ángel Delgado González

O 14 de outubro de 2017 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, presentada por Miguel Ángel Delgado González, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 2017/2527293.

O 20 de outubro de 2017 esta solicitude recibíuse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Una vez analizada a solicitude, realízanse as seguintes consideracións:

1. No escrito que acompaña á solicitude, o Sr. Delgado González formula unha denuncia penal ante a Fiscalía de Galicia por presuntas irregularidades sucedidas, ó seu entender, con motivo da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia.
2. O interesado advirte no seu escrito que da un prazo de 3 días á Consellería do Mar para realizar aclaracións ou desmentidos ao contido da denuncia, con cita ao respecto de determinados preceptos da Lei Orgánica 2/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, transcorrido o cal remitirá o escrito de denuncia á Fiscalía.
3. Do contido da solicitude obsérvase que o reclamante utiliza un modelo normalizado de acceso á información pública, acompañado dun escrito de denuncia dirixido á Fiscalía de Galicia, para expor unha serie de cuestións ao



marxe do concepto de información pública legalmente definido no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e que fai referencia a “contidos e documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións”, alleas, en consecuencia, á finalidade do presente procedemento.

4. De acordo coa letra e) do apartado 1 do artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, inadmitiranse a trámite a solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei.

Visto o anterior, esta Secretaría Xeral Técnica resolve inadmitir a trámite a solicitude por incorrer no suposto contemplado na letra e) do artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017  
A secretaria xeral técnica



M<sup>a</sup> Isabel Concheiro Rodríguez-Segade